

ANUNCIO

O Alcalde o día 24-06-2025, ditou a resolución con número 397/2025 seguinte:

“

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE PRAZAS PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE MELIDE PARA O VINDEIRO CURSO 2025/2026.

EXPEDIENTE:2025/G003/00043

ANTECEDENTES:

De acordo co proxecto de regulamento do Servizo de Madrugadores a cargo do Concello de Melide nos centros públicos de educación infantil e primaria, publicado no boletín oficial da provincia da Coruña n.º 168 de 3 de Setembro de 2021.

Considerando o disposto no informe desta alcaldía de data 23 de xullo de 2025, polo que se propón a intención de seguir prestando o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2025/2026 o cal se transcribe a continuación:

“José Manuel Pérez Penas como Alcalde do concello de Melide.

INFORMO:

- A intención de seguir prestando o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2025/2026.
- O artigo 9 do regulamento do servizo de madrugadores a cargo do Concello de Melide nos centros Públicos de educación infantil e primaria di: **“a apertura do prazo ordinario para presentar solicitudes farase dende o 1 de xullo o 15 de xullo, previamente dítase resolución da Alcaldía especificándose o número de prazas dispoñibles por centro que será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos, no paxina web e na sede electrónica do Concello”.**
- Que tras analizar a demanda deste curso nos diferentes centros educativos de Melide considérase que o número de prazas dispoñibles para o vindeiro curso 2025/2026 debe ser o seguinte:

CEIP N°1 Melide: 30 prazas

CEIP A Martagona: 15 prazas

CEIP Mestre Pastor Barral: 15 prazas.”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o número de prazas, de acordo coas fixadas no informe anteriormente citado, para o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2025/2026:

- CEIP N°1 Melide : 30 prazas
- CEIP A Martagona : 15 prazas
- CEIP Mestre Pastor Barral : 15 prazas

SEGUNDO. Publicar dito acordo no Taboleiro de Edictos, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Melide

Ordeno e asino en Melide, martes 24 de xuño de 2025. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación/ María Pardo Quintana.”

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Melide, xoves 26 de xuño de 2025. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación /
María Pardo Quintana.